Marzo de 2023

Núm. 75

# BOLETÍN DE IGUALDADE



O Boletín de Igualdade é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos sobre igualdade de xénero.

**UNIDADE DE IGUALDADE**

**Edificio Ernestina Otero 1º andar**

**Campus universitario**

**Vigo-36310**

**igualdade@uvigo.gal**

**986 813 419**

Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

# CONTIDO

AXENDA ..... 3
FORMACIÓN ..... 4
CONGRESOS E SEMINARIOS ..... 5
CONVOCATORIAS ..... 5
SUXESTIÓNS ..... 6
RECURSOS ..... 8
NOVAS DO DUVI ..... 11
NOVAS ..... 12
DATOS ..... 13
FERRAMENTAS DE IGUALDADE ..... 14

# MARZO

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | 27 | 28 | 1 | 2 | 3 | 4 Día Internacional de Concienciación sobre o VPH | 5 |
| 10 | 6 | 7 | 8 Día Internacional das Mulleres | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 11 | 13 | 14 Día Mundial da Endometriose | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 12 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 13 | 27 | 28 Festa da Reconquista —Festivo local en Vigo | 29 | 30 Día Internacional das Traballadoras do Fogar | 31 | 1 | 2 |

## AXENDA

**Actividades polo 8M na Universidade de Vigo:**

8 de marzo: **Acto institucional**. Ás 11:00 h na sala 1 do Edificio Miralles.

Actividades nos centros:

**Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**

- Concurso de fotografía Mulle_RME **+Info**. Envío de propostas ata o 3 de marzo.
- Cine-fórum (In)Visibilidade das mulleres STEAM. No MARCO. 7,14 de marzo e 2,9 de maio.

**Facultade de Belas Artes**. «8 mulleres para o 8M». Campaña de visibilización en redes na que 8 docentes elixen unha obra dunha artista e a comentan no Instagram da Facultade explicando as razóns pola que a elixiron. Perfil da facultade @facultadebelasartes

**CINTECX-Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais**
Mesa redonda con mulleres profesionais de recoñecido prestixio do ámbito tecnolóxico-industrial para debater sobre as perspectivas da muller en diversos ámbitos da enxeñería, sobre a necesidade de realizar accións de fomento de vocacións nas nenas e de impulsar as carreiras profesionais das tecnólogas.

**Facultade de Filoloxía e Tradución**
Conferencia-coloquio: Da distopía á topiaria: entender a literatura galega dende os feminismos interseccionais alén do humano
Relatora: María Reimóndez.
O 17 de abril ás 11:00 h no salón de graos da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Do 7 ao 18 de marzo: **Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.** Concellería de Igualdade do Concello de Vigo +Info

Do 8 ao 29 de marzo: **Actividades en torno ao 8M**. Área de Igualdade do Concello de Ourense +Info

**Programa de actividades polo Día da Muller 2023.** Concellaría de Igualdade e CIM do Concello de Pontevedra. (Pendente de publicar) +Info

Manifestacións 8M:

**Ourense:** Consultar Marcha Mundial das Mulleres Ourense.

**Vigo**: 20:00 h desde Praza de España. Convoca Feminismo Unitario de Vigo.

**Pontevedra:** Consultar Colectivo Feminista de Pontevedra.

## FORMACIÓN

**Debate: Universidad y techo de cristal: situación actual y retos** +Info
7 de marzo. Formato en liña. Organiza a fundación CYD.

**Workshop Internacional «Educando en Igualdad, consolidando redes. Innovación docente con perspectiva de género»** +Info
6, 7 e 8 marzo. En formato presencial e en liña. Universidad Carlos III de Madrid.

**II Workshop Muller, Óptica e Fotónica. Sociedade Española de Óptica** +Info
O 17 de marzo en Salamanca. Inscricións aquí.

**3ª ECO-SOS Workshop sobre Economía e Sostibilidade: desafíos de xénero.** Universitat Rovira i Virgili. +Info
12 de maio.

## CONGRESOS E SEMINARIOS

**III Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Género e Igualdad** +Info

Organiza o Observatorio de las Masculinidades de la Universidad Miguel Hernández. De xaneiro a xuño de 2023. Unha sesión por mes.

**I foro internacional transdisciplinar: Docencia feminista online y investigación sensible al género en entornos digitales de aprendizaje** +Info

16 e 17 de marzo de 2023. Presencial e en liña.

**VIII Congreso de Economía feminista** +Info

Do 16 ao 18 de marzo de 2023, facilitado pola UOC, en colaboración coa Càtedra Oberta Barcelona UOC en Economía Dixital impulsada polo Ajuntament de Barcelona.

**II Encuentro estatal violencia vicaria y violencia de género institucional** +Info

24 e 25 de marzo.

**Congreso internacional ¡A los musesos! Con todo y con todas** +Info

Organizan Mujeres en las Artes Visuales MAV) e o Instituto Universitario de Estudios Feministas y de Género Purificación Escribano. Do 20 ao 22 de abril.

**ICGR2023- 6th International Conference on Gender Research** +Info

20 e 21 de abril.

**Gender in Higher Education Conference 2023** +Info

25 de maio. Afondará en investigar como se están desenvolvendo as universidades en materia de igualdade de xénero na Era Híbrida, considerando experiencias diferenciais, identificando novos desafíos e explorando as oportunidades para abordar as desigualdades de xénero.

**Congreso Internacional sobre Medios, Género y Sexualidades: Representaciones, Alfabetizaciones y Audiencias : Convocatoria de propuestas** +Info

Do 6 ao 10 de xuño de 2023. Inscrición anticipada do 1 de marzo ao 15 de abril con desconto.

**III Congreso Internacional de Género y Educación. Escuela, Educación no formal, Familia y Deporte** +Info

Do 5 ao 7 de xullo de 2023 en Soria. Neste evento no que se combinarán actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistrais, obradoiros, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e outras actividades. pr

## CONVOCATORIAS

**XIV Congreso Internacional de la Sociedad Española de Fenomenología (SEFE): «Fenomenología, feminismo e intersubjetividad»** +Info

Proposta de simposios desde o día 15 de marzo ao 30 de marzo.

**Concurso Mujeres Ingeniosas en corto y cómic 2023** +Info

**Monográfico: Videoxogos e mulleres: creación, estereotipos e consumo. Revista Investigacións Feministas.** +Info
Aberta a recepción de artigos ata o 15 de marzo de 2023.

**4º Encontro Brasileiro en Economía de Familia e Xénero** +Info
Aberta a recepción de artigos ata o 2 de abril. Os documentos deben estar en inglés ou portugués.

Número especial da revista **Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios?** +Info
Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres.** +Info
O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

**VIII Congreso Economía Feminista** +Info
Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

**Científicas e innovadoras** +Info
A Unidad de Mujeres y Ciencia do Ministerio de Ciencia quere ampliar a plataforma na que se recollen os perfiles de científicas e innvadoras que teñan recibido premios e distincións en I+D+i. Os datos poden enviarse a umyc@ciencia.gob.es

## SUXESTIÓNS

A día de hoxe hai conflitos bélicos activos en Siria, Palestina, Iemen, Myanmar, o Sahel (que afecta a Burkina Faso, Malí e Níxer), República Democrática do Congo e Ucraína; situacións inestables en Nagorno Karabakh, Paquistán, Taiwan, Haiti ou Etiopía; violenta represión de protestas populares en Irán, Perú, Afganistán e outros lugares do mundo e, no último ano, tamén houbo golpes de estado que limitan os dereitos e as condicións de vida da poboación, en especial das mulleres.

O Consello de Seguridade da ONU aprobou no ano 2000 unha resolución que recoñecía o papel das mulleres na construción da paz ao longo do tempo e pedía que se promovese a súa participación nos procesos de paz. Aínda así, a resolución 1325 non está a ter os resultados esperados e as negociacións seguen a ter escasa representación feminina.

A pesar disto, en todos os territorios as mulleres organízanse e traballan en proxectos pacifistas e reivindican ter protagonismo nos fin dos conflitos para que os acordos sexan inclusivos e teñan en conta a perspectiva de xénero.




Marcha en defensa da perspectiva de xénero nos acordos de paz en Colombia. /Foto: Comisión de Género de Paz a la Calle

A organización feminista Capire no seu artigo «2022: las mujeres del mundo marcharon por la paz, la democracia y la soberanía» repasa as posicións das mulleres ante os conflitos bélicos nos últimos anos. O inicio da guerra entre Rusia e Ucraína «fixo reverberar o carácter imperialista e patriarcal das guerras no mundo» e a defensa da paz colleu forza nas axendas políticas europeas.

> Entender as guerras e os conflitos armados a través dunha lente feminista implica atravesar obstáculos de silenciamento e de desinformación, e escoitar as mulleres de diferentes territorios do Sur global onde os conflitos se prolongan desde fai anos e no reciben importancia internacional. (Capire, 2022)

Con motivo do cabodano da guerra en Ucraína, queremos dar visibilidade neste apartado algúns referentes de movementos antimilitaristas ou pola paz liderados por mulleres:

- A Unión Nacional de Mulleres Saharauis. A UNMS creouse en 1974 para concienciar e visibilizar a presenza e protagonismo das mulleres na sociedade saharaui.
  Co seu traballo buscan promover unha imaxe organización que as amose como un referente político, con capacidade de proposta de desenvolvemento político e na liña

de traballo do Frente Polisario, no traballo común pola emancipación das mulleres e a autodeterminación do pobo saharaui.

- Unión de Comités de Mulleres Palestinas. Fundada en 1980, a UCMP loita por construír unha sociedade civil palestina, progresista, democrática e libre de todas as formas de discriminación na busca da xustiza. Traballan en profundidade os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, que actualmente enfrontan desafíos como as prácticas de ocupación do Estado de Israel cara as fillas e fillos do pobo palestino. Ademais ofrecen ferramentas e recursos para as mulleres como programas de apoio psicolóxico, legal, social e económico, e garanten a educación dunhas mil crianzas de comunidades marxinalizadas a través das escolas infantís Ghassan Kanafani.
- Mulleres en Negro é un movemento pacifista de mulleres internacional creado en 1988 para protestar contra a ocupación israelí dos territorios palestinos e contra a violación dos dereitos humanos da poboación árabe polo exército israelí. O movemento estendeuse e, en 1991, fundouse Mulleres de Negro Belgrado, no contexto da Guerra dos Balcáns. Tamén teñen presenza en Italia, España ou Colombia e organizan anualmente encontros de traballo de toda a rede.
- Desde fai décadas as mulleres de El Salado, o Colectivo de Mujeres al Derecho e todo un enxame de movementos de mulleres constrúen paz en Colombia a través de diferentes iniciativas que hoxe son visibles tamén institucionalmente en figuras como a da vicepresidenta da República de Colombia, Francia Márquez.
- Alliance for Gender Inclusion in the Peace Process (AGIPP). Organizacións e redes de Myanmar centradas nos dereitos das mulleres, a xustiza de xénero e o proceso de paz crearon esta alianza en agosto de 2014. Xuntas traballan pola inclusión das mulleres en todos os aspectos da paz e a seguridade no seu país.
- Feminist Anti-War Resistance. Desde febreiro do ano 2022 un grupo de feministas rusas organizáronse para protestar no seu país contra a ofensiva en Ucraína.

Tamén queremos recomendar a mesa «A defensa da paz para a axenda feminista», que tivo lugar no último fin de semana de febreiro no Encontro Internacional Feminista que organizou o Ministerio de Igualdade.

Agardamos que esta breve cartografía sirva para recordarnos o carácter pacifista do movemento feminista e a urxencia de reclamar a paz en todos os territorios e a participación activa das mulleres na construción destes procesos.

## RECURSOS

**Gravacións do Encontro Internacional Feminista-EIF 'We call it feminism. Feminismo para un mundo mejor' organizado polo Ministerio de Igualdade +Info**

**Proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres: Identificación de comentarios sexistas en las redes sociales mediante técnicas de IA** +Info

O proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres, financiado pola Cátedra de Feminismo 4.0 da Deputación de Pontevedra, está centrado na detección de comentarios machistas en redes sociais empregando intelixencia artificial. Nel participan atlanTTic, DATASALUS e a Universidade de Vigo. Póster científico aquí.

**Actas do II Congreso internacional sobre masculinidades e igualdad** +Info

**Guía para la elaboración de planes de igualdad en las empresas** +Info

**Datos e campaña da Comisión de Igualdad de la AEET** sobre o chan pegañento nas investigadoras e científicas **+Info**

**Queres ser unha muller STEAM?** +Info

Videos que recollen testemuños de mulleres STEAM.

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 **+Info**

**Revista Journal of Language and Sexuality.** Núm. 1, Vol. 12, 2023 **+Info**

**Dossier 2023 ¿Qué es la violencia sexual?** +Info

**A publicidade de xoguetes en plataformas e redes sociais durante a campaña de nada 2022-2023** (CAT) +Info

**Unha chamada para crear financiamento para as investigadoras que son nais** (EN) **+Info**

Este artigo presenta datos que proveñen dun traballo liderado por Mother in Science (MIS) quen presentou recentemente un plan con propostas de políticas antidiscriminatorias para as entidades financiadoras. O informe destaca seis aspectos nos que incidir: a necesidade de apoio financieiro para asegurar a continuidade da investigación; flexibilidad para nais, pais e cuidadoras/es, incluída a opción de teletraballo; sistemas para rastrexar a diversidade e a inclusión e para sinalar sospeitas de discriminación; simplificación do proceso de solicitude e avaliación de subvencións e bolsas; e abordar o impacto desproporcionado que la pandemia da covid tivo nas mulleres científicas.

**A desigualdade de xénero e o cambio climático non son desafíos separados** (EN) +Info

**Imaxinarios feministas anticoloniais. A journal for body and gender research. Núm. 1 Vol. 9, 2023** (EN) **+Info**

**Muller e emprego público: unha aproximación ao coñecemento experto en recursos humanos e xestión pública en clave de xénero. Documentación Administrativa.** +Info

**As mulleres científicas do** Scripps Institution of Oceanography **teñen a metade do espazo de laboratorio que os homes (EN)** +Info

**(Re)producindo feminidades galegas: praxe creativa das mulleres na Galicia do século XXI. International Journal of Iberian Studies. (EN)** +Info

**Acceso baixo subscrición de pago.**

**Revista Con la A. «El adiós». Núm. 85, xaneiro 2023** **+Info**
Este é número é un monográfico de despedida, pois a revistas deixa de publicarse en España.

**Proyecto «Desarrollo y bienestar de las mujeres víctimas de la violencia de género desde la justicia terapéutica» +Info**
Gravación das sesións.

**Combater a ciber violencia contra mulleres e mozas** (EN) **+Info**
O informe do EIGE describe nove tipos de ciberviolencias: asexo, extorsión, intimidación, acoso, discurso de odio baseado no xénero, uso non consentido de imaxes íntimas, uso de dispositivos do fogar conectados a internet, troleo ou revelación de datos.

**DeStalk-Detectar e parar o acoso e a ciberviolencia contra as mulleres (EN) +Info**
Programa europeo con recursos accesibles sobre violencia dixital.

**Libro blanco sobre la situación de las mujeres inmigrantes en el sector del trabajo del hogar y los cuidados en España** +Info

**Estrategia estatal para combatir las violencias machistas 2022-2025.** Ministerio de Igualdade **+Info**

**Hoja de recomendaciones sobre comunicación incluyente.** Observatorio de Igualdad y Empleo **+Info**

**Revista igUALdad.** Núm. 21, decembro 2022 **+Info**

**Informe: #YoTrabajoGratis +Info**

**O colectivo lésbico español LSD: unha mirada máis cercana ao seu videoensaio Reacciones** (EN) **+Info**

**Barómetro da fenda de xénero nos estudos TIC +Info**
Guía para promover a igualdade de xénero para as organizacións financeiras de investigación e innovación: recollida de datos e seguimento do impacto (EN) **+Info**

**MariCorners. Estudios interdisciplinares LGTBIQ+ +Info**

**Desinformación e discurso de odio cara as xornalistas deportivas +Info**

**Enquisa da UE sobre violencia de xénero contra as mulleres e outras formas de violencia interpersoal** (EU-GBV). Primeiros resultados. Edición 2022 (EN) +Info

**La caja de la masculinidad: construcción, actitudes e impacto en la juventud española** +Info

**Intimidades LGBTQ+ no Sur de Europa** (EN) +Info

## NOVAS DO DUVI

**As mulleres migrantes sofren unha dobre segregación ocupacional: por orixe e por xénero** +Info

Muller e migrante. Esta combinación ten como resultado un elevado nivel de segregación ocupacional nos países europeos, sobre todo nos do sur do continente. Esta é a realidade que debuxan os resultados da tese de doutoramento da investigadora de Ecobas Amaia Palencia, que forma parte do grupo Ecosot: Economía, Sociedade e Territorio.

**Helena Cortés recibe o Premio Nacional a la Mejor Traducción 2021 por 'El Diván de Oriente y Occidente' de Goethe** +Info

**Eu de maior quero ser científica** +Info

**Os Premios GirlGeekCovid distinguen a traxectoria académica de catro mozas STEM** +Info










**Alumnado e académicas da UVigo fornecen a colección 'Feminismos' de Galaxia con seis novos volumes** +Info

**Un concurso de videopoemas para o Día de Rosalía de Castro** +Info

**A ciencia volve á rúa coa feira divulgativa eXXperimenta en Feminino** +Info

**Un libro explica ao colectivo adolescente como «xogar limpo» no amor** +Info

Foi realizado por un equipo do Grupo de Investigación Saúde, Sexualidade e Xénero da UVigo.

**A Universidade destina 20 000€ ao fomento de actividades docentes e de sensibilización en materia de xénero** +Info

## NOVAS





Las alumnas gestionan y los alumnos se lucen: el género en los trabajos de grupo +Info

La programación televisiva infantil suspende en igualdad e inclusión +Info

Una científica viguesa lidera desde Braga un proyecto europeo con un enfoque disruptivo sobre la metástasis +Info

Un mapa para elegir universidad en EEUU, según sus casos de violación +Info

Unha homenaxe ás curandeiras +Info

El caso del policía infiltrado en los movimientos sociales de Barcelona +Info

El Congreso aprueba la reforma del aborto con el voto en contra del PP y Vox +Info

Las protestas en Irán mutan en un movimiento de desobediencia civil liderado por las mujeres +Info

Juezas en el exilio y criminales fuera de prisión: la agónica huida de las juristas afganas +Info

Las trabajadoras de H&M en La Morea continúan en huelga indefinida y piden un convenio propio +Info

El Tribunal Constitucional rechaza el recurso del PP y avala en su totalidad la ley de plazos del aborto +Info

Denuncian la «preocupante» falta de atención sexual especializada para mujeres lesbianas, bisexuales y trans +Info

Isabel Zendal: analfabeta, nai solteira e pioneira da sanidade pública +Info

Ellas también pueden ser científicas +Info

Descubriendo a las invisibles: «Tenemos que sacar a la luz que somos muchas» +Info

**Del efecto Matilda a las científicas de hoy: así se ayuda a visibilizar las contribuciones de la mujer a la ciencia +Info**

**La brecha de género en tecnología en las aulas gallegas se hace patente a los catorce años +Info**

**Universidad y Diputación premian a cuatro alumnas que "rompen barreras"+Info**

**La UVigo abastece a la colección "Feminismos" con seis volúmenes +Info**

**La brecha en los laboratorios de la Universidad de Vigo persiste: las jefas solo son un tercio +Info**

**La ingeniera que 'pesca' contaminación acústica en el mar: "Ahí abajo hay ruido, mucho" +Info**

**Catalunya incorpora la educación afectivosexual en la etapa 0-6 +Info**

**Los cuerpos rotos de los empleos feminizados III: trabajadoras de residencias +Info**

## DATOS

### Observatorio de Igualdade da UVigo +Info

O Observatorio é unha fonte de información que elabora informes sobre as desigualdades existentes na UVigo e as causas que as provocan para axudar a comprender as políticas de igualdade adoptadas.

Xa está dispoñible, para consulta e descarga, o Observatorio de Igualdade 2022 onde se analizan, con perspectiva de xénero, os principais datos e indicadores da Universidade de Vigo.

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España +Info

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

### Científicas en Cifras 2021 +Info

### Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero +Info

### Observatorio Igualdade Emprego +Info

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

### Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero +Info

Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

**As mulleres do mundo 2020. Tendencias e estatísticas** (EN) +Info

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** +Info

**Institucións sociais e índice de xénero** (EN) +Info

Datos e perfiles de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

**A vida de mulleres e homes en Europa** (EN)

Edición interactiva 2021 +Info

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

CIM- Centros de Información ás Mulleres

Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. +Info

CIM Vigo

Rúa Romil núm. 20

986 293 963

Ofrece atención xurídica en liña a través do enderezo-e:
osnososdereitos.muller@vigo.org

CIM Ourense

Rúa Ensino núm. 24

988 393 191

Horarios: De 8:30 a 14:30 h, con cita previa.

CIM Pontevedra

Praza José Martí, 3º andar.

900 119 741 e 986 864 825

Correo-e: igualdade@pontevedra.eu

Horario: de luns a venres de 9 a 14:00 h. Asesoramento xurídico: de luns a venres de 13:00 a 15:00 h con cita previa.

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero +Info

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero +Info

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** +Info

**Guía de actuación fronte á violencia machista** +Info

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** +Info

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** +Info

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** +Info

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos +Info

Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Grupo de mulleres de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos.

Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia 2021

Axudas periódicas para mulleres en situación de violencia de xénero. +Info

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. +Info

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. +Info

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. +Info

Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. +Info

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 +Info**

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero +Info**

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero + Info